

Criterios para web referenciadas/de interese a publicar na Escola Galega de Saúde para Cidadáns

1. A web deberá presentar polo menos un selo de certificación de calidade de administracións públicas, entidades nacionais ou internacionais.
2. Os selos tanto de calidade como de código de conduta deben estar en uso, e a súa actualización deberá ser visible.
3. Aspectos a ter en conta con respecto ao usuario:
 - Audiencia prevista. Especificar destinatarios.
 - Declaración expresa de complementariedade relación paciente/médico.
 - Garantías de privacidade e confidencialidade.
 - O sistema sanitario velará sobre a privacidade última do usuario, en ningún caso permitirá o deixamento do seu dereito respecto diso, exista ou non un consentimento informado.
 - Declaración expresa en caso de ser apto para menores de idade.
 - Accesibilidade, acceso por discapacidade.
4. Aspectos a ter en conta con respecto aos fins e obxectivos da web:
 - Datos de contacto cos propietarios da web e os autores dos contidos.
5. Aspectos a ter en conta con respecto aos fins e obxectivos da web:
 - Transparencia con respecto aos obxectivos e finalidade da web.
6. Aspectos formais da web:
 - Autoría da web así como dos contidos.
 - Actualizacións: data de publicación e última actualización.
 - As ligazóns (hipertexto) deben ofrecer información de destino.
 - Referencia das fontes.
 - Os propietarios da web absteranse de distribuír datos persoais dos usuarios a outras plataformas, xa sexan estas propiedade ou non dos titulares da web orixe.
 - O compromiso da web co sistema sanitario límitase á propia web, tan pronto esta última modifique os seus obxectivos ou fins, a súa vinculación perderá efecto.
7. Aspectos económicos da web:
 - Declaración de conflito de intereses, da entidade titular da web e dos autores dos contidos.
 - Especificación das fontes de financiamento para o desenvolvemento ou mantemento da web.
 - Ausencia de publicidade de produtos de calquera tipo.
 - Ausencia de logos ou elementos de empresas privadas, salvo as que correspondan a entidades colaboradoras ou patrocinadoras claramente identificadas.
 - Os fins da web carecerán de propósito lucrativo ou publicitario.
8. Aspectos de web social/conversacional:
 - Se a web contempla a presenza de comunidades e/ou rede social, deberá dar a coñecer cales son os ámbitos contemplados para a moderación e en que termos se realizarán.
 - Na participación destes recursos velarase polo anonimato e confidencialidade das achegas dos usuarios.
9. Aspectos éticos:
 - O acceso á web por parte dos usuarios será gratuíta e libre da creación de perfís con intención publicitaria.
 - A web velará polos intereses e dereitos dos usuarios, e en ningún caso irá en contra dos principios da Bioética.
 - A web acreditada terá como función última a promoción da saúde e a prevención da enfermidade.